



Sr. Secretario Xeral de Calidade e
Avaliación Ambiental
Consellería de Medio Ambiente,
Territorio e Infraestruturas
Xunta de Galicia

D. Serafín J. González Prieto, Presidente da SGHN, en relación coa Consulta sobre contido do Estudio de Avaliación de Impacto Ambiental do proxecto Parque Eólico Chan do Eixo (A Cañiza e Covelo, Pontevedra), promovido por COGAL RENOVABLES, S.L., clave 2011/0080,

SOLICITA:

Que o a Estudio de Impacto Ambiental:

1. Avalíe os efectos sinérxicos e acumulativos cos Parques Eólicos Deva (a menos de 2 km de distancia) e Tea en funcionamento xa na actualidade e que constitúen “un continuo”.
2. Avalíe alternativas para minimizar o impacto (de aeroxeneradores e viais de acceso) sobre os hábitats de interese na Unión Europea existente na zona.
3. Avalíe con detalle e rigor as posibles afeccións do proxecto sobre as especies incluídas no anexo I da Directiva Aves, nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas presentes na zona e contemple a adopción de medidas mitigadoras:
 - a. Anfibios, réptiles e mamíferos non voadores: mortandade nos viais de acceso por atropelo e atrapamento en gabias, taxearas, pasos canadienses, etc.
 - b. Aves e quirópteros: mortandade por impacto cos aeroxeneradores e perturbacións sobre a súa utilización dos hábitats na contorna do parque eólico durante todas as fases do ciclo vital.
 - c. Contemple a inclusión de todas as medidas preventivas e/ou correctoras recomendadas nos Plans de conservación de especies ameazadas que teña elaborados (ou en elaboración) a Xunta de Galicia de acordo co previsto nos artigos 15 e 16 do Decreto 88/2007.
4. Avalíe a mortandade de anfibios, réptiles, aves e mamíferos nos viais de acceso (atropelo e atrapamento en gabias, taxearas, pasos canadienses, etc.) e a adopción de medidas eficaces para mitigala.

En Santiago de Compostela, a 11 de xuño de 2011